



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DISEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES)

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIONES DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DISEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2023.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no primeiro trimestre do ano 2023.

Entidade	CIF	Tipo subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de aprobación
Club Baloncesto Chantada	G27210855	Nominativa	Subvención gastos tempada	3410.48900	19.000,00 €	Presidencia
Club Calasancio	G27104736	Nominativa	Subvención gastos tempada	3410.48900	8.000,00 €	Presidencia
Club de Piragüismo Cidade de Lugo	G27107176	Nominativa	Subvención gastos tempada, Descenso do Miño	3410.48900	18.000,00 €	Presidencia
Club Voleibol Emeve	G27041490	Nominativa	Gastos tempada	3410.48900	120.000,00 €	Presidencia

Lugo, 17 de abril de 2023.- Vº.Bº. O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.- O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1161

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

.- LUGO.- PAVIMENTACIÓN RÚA SAN ISIDRO LABRADOR

EXPTE GTM: 2023/CON_02/000017

**.- RIBADEO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5202 "RIBADEO - VILASELÁN - ALTO DOS PINOS (N-634)
P.K. 1+020 A 1+975 E 2+665 A 4+020**

EXPTE GTM: 2023/CON_02/000032

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos

establecidos no Art. 93 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 14 de abril de 2023 O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1160

SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 12 DE ABRIL DE 2023 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATAS, DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA AUXILIAR ATENCIÓN CIDADÁ, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 23.09.2022, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - IC) - taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 23.09.2022, apróbase a convocatoria e bases específicas que rexerán, xunto coas bases xerais, o procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo nunha (1) praza denominada auxiliar atención cidadá, cota xeral, incluída na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IC) - na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso, acceso libre.

As bases xerais, convocatoria e bases específicas publícanse, para cumprimento do sinalado na base xeral 3, no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 241, do 21.10.2022, e na páxina web da Deputación de Lugo no apartado emprego público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 21.10.2022, publicándose extracto da convocatoria e bases no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 216, do 14.11.2022 e no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 279, do 21.11.2022.

Rematado o prazo de presentación de instancias o día 01.12.2022, e para cumprimento do establecido nos puntos 6,7 e 9 das bases xerais, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas que a continuación se relaciona:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	ÁLVAREZ VERGARA, ALBA MARÍA	***6628**
2	BEATRIZ BLANCO, IRIA	***4307**
3	CRECENTE GARCÍA, MARÍA JOSÉ	***5014**
4	GARCÍA TORRES, MARÍA ELISA	***2678**
5	PARDO SÁNCHEZ, RAQUEL	***5386**
6	PÉREZ DE ANDRÉS, SOLEDAD	***6365**
7	RODRÍGUEZ ESPIÑO, DANIELA	***7903**
8	VIÑAS MAYO, RUBÉN	***9158**

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE.-

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto ao xefe do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico, no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

VOGAIS.-

Titular: Dona Rosa Abelleira Fernández, interventora da Deputación de Lugo

Suplente: Dona Gloria Baamonde Tomé, xefa do Servizo de Fiscalización Deputación de Lugo.

Titular: Dona María Teresa López Rodríguez, xefa Unidade Rexistro Rexal da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona María Ángeles Santos Santos auxiliar na Sección de Procedementos Executivos da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Leticia Vilar Pumares, xefa do Servizo de Comunicación e TIC's da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Pablo Seoane Cancelo, asesor técnico no Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

SECRETARIA/O:

Titular: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

3º.- Citar as persoas que forman parte do Tribunal, para que comparezan o mércores día 24 de maio de 2023, ás 10 horas, no Salón Verde da Deputación de Lugo para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

4º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días, contados a partir do seguinte o da publicación no BOP, para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva, sen necesidade de nova publicación.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola presidencia da entidade, a través dunha nova resolución coa listaxe completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da presidencia da entidade no prazo dun mes dende o día seguinte o da publicación da listaxe definitiva no BOP (no suposto de haber alegacións), ou dende o día seguinte ao transcurso dos 5 días da publicación no BOP da listaxe provisional, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte das datas antes mencionadas, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 18 de abril de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1182

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 12 DE ABRIL DE 2023 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATAS, DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA EN (5) PRAZAS DENOMINADAS CAPATAZ DE CAMIÑOS, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 23.09.2022, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - IC) - taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 23.09.2022, apróbase a convocatoria e bases específicas que rexerán, xunto coas bases xerais, o procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo en cinco (5) prazas denominadas capataz de camiños, cota xeral, incluídas na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IC) - na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso, acceso libre.

As bases xerais, convocatoria e bases específicas publícanse, para cumprimento do sinalado na base xeral 3, no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 241, do 21.10.2022, e na páxina web da Deputación de Lugo no apartado emprego público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 21.10.2022, publicándose extracto da convocatoria e bases no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 216, do 14.11.2022 e no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 279, do 21.11.2022.

Rematado o prazo de presentación de instancias o día 01.12.2022, e para cumprimento do establecido nos puntos 6,7 e 9 das bases xerais, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas que a continuación se relaciona:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	BURGUÉ FERNÁNDEZ, LAURA	***5927**
2	CANZOBRE SEIJAS, DAVID	***8876**
3	DIGÓN LÓPEZ, JESÚS	***5039**
4	FERNÁNDEZ GÓMEZ, JOSÉ LUIS	***8380**
5	FERRERO ARIAS, ANTONIO	***4860**
6	FOLGUEIRAS FERNÁNDEZ, ANA	***4212**
7	FREIJO RODRÍGUEZ, MARCOS	***4290**
8	GUERRA TEXTA, JONATAN	***5021**
9	LORENZO RODRÍGUEZ, LUIS	***3158**
10	RODRÍGUEZ LÓPEZ, JOSÉ	***5277**
11	VIÑAS MAYO, RUBÉN	***9158**

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE.-

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto ao xefe do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión na Sección de Administración de RRHH da Deputación de Lugo.

VOGAIS.-

Titular: Don Héctor Diéguez Aranda, enxeñeiro de camiños, canles e portos, adxunto ao xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Darío Ferreiro Otero, enxeñeiro de camiños, canles e portos, adxunto ao xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Marta Herbón Meilán, enxeñeira técnica de obras públicas no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Concepción Fernández Rodríguez, enxeñeira técnica topógrafa na Sección de Topografía, Cartografía e Delineación da Deputación de Lugo.

Titular: Don Alfonso Fernández Alonso, coordinador xefe vixilancia vías provinciais, no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona María Carmen Montero González, xefa Unidade Xestión Administrativa Vías e Obras no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

SECRETARIA/O:

Titular: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

3º.- Citar as persoas que forman parte do Tribunal, para que comparezan o mércores día 10 de maio ás 12 horas no Salón Verde da Deputación de Lugo para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

4º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días, contados a partir do seguinte o da publicación no BOP, para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva, sen necesidade de nova publicación.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola presidencia da entidade, a través dunha nova resolución coa listaxe completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da presidencia da entidade no prazo dun mes dende o día seguinte o da publicación da listaxe definitiva no BOP (no suposto de haber alegacións), ou dende o día seguinte ao transcurso dos 5 días da publicación no BOP da listaxe provisional, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte das datas antes mencionadas, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 18 de abril de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1183

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 17 DE ABRIL DE 2023 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATAS, DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA

ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A TELECOMUNICACIÓNS, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 23.09.2022, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - IC) - taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 23.09.2022, apróbase a convocatoria e bases específicas que rexerán, xunto coas bases xerais, o procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo nunha (1) praza denominada enxeñeiro/a técnico/a telecomunicacións, cota xeral, incluída na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IC) - na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso, acceso libre.

As bases xerais, convocatoria e bases específicas publícanse, para cumprimento do sinalado na base xeral 3, no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 241, do 21.10.2022, e na páxina web da Deputación de Lugo no apartado emprego público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 21.10.2022, publicándose extracto da convocatoria e bases no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 216, do 14.11.2022 e no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 279, do 21.11.2022.

Rematado o prazo de presentación de instancias o día 01.12.2022, e para cumprimento do establecido nos puntos 6,7 e 9 das bases xerais, proponse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a listaxe provisional da persoa aspirante admitida que a continuación se relaciona:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
01	RODRÍGUEZ ALBARDONEDO, DIEGO	***4927**

2º.- Nomear ás persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto ao xefe do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Dona Leticia Vilar Pumares, xefa do Servizo de Comunicación e TIC´s da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Margarita Soilán Carbia, xefa do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

Titular: Don Nicolás Fariña Verea, enxeñeiro informático, adxunto á xefa do Servizo de Comunicación e TIC´s da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Carmen Lage Fernández, técnica de administración xeral – axente de emprego e desenvolvemento local no Departamento de Fondos Europeos da Deputación de Lugo.

Titular: Don Fernando Gil Vázquez, do corpo superior de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de enxeñeiros de telecomunicacións, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Suplente: Don Breogán Cinza Cabarcos, do corpo superior de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de sistemas e tecnoloxía da información, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

SECRETARIA/O:

Titular: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

3º.- Citar as persoas que forman parte do Tribunal, para que comparezan o martes día 2 de maio ás 10 horas e 30 minutos no Salón Verde da Deputación de Lugo para a súa constitución e posterior valoración de méritos da persoa aspirante admitida.

4º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días, contados a partir do seguinte o da publicación no BOP, para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva, sen necesidade de nova publicación.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola presidencia da entidade, a través dunha nova resolución coa listaxe completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da presidencia da entidade no prazo dun mes dende o día seguinte o da publicación da listaxe definitiva no BOP (no suposto de haber alegacións), ou dende o día seguinte ao transcurso dos 5 días da publicación no BOP da listaxe provisional, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte das datas antes mencionadas, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 18 de abril de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1184

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 17 DE ABRIL DE 2023 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATAS, DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS ADMINISTRATIVO/A, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 23.09.2022, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - IC) - taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 23.09.2022, apróbase a convocatoria e bases específicas que rexerán, xunto coas bases xerais, o procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo en dúas (2) prazas denominadas administrativo/a, cota xeral, incluídas na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IC) - na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso, acceso libre.

As bases xerais, convocatoria e bases específicas publícanse, para cumprimento do sinalado na base xeral 3, no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 241, do 21.10.2022, e na páxina web da Deputación de Lugo no apartado emprego público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 21.10.2022, publicándose extracto da convocatoria e bases no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 216, do 14.11.2022 e no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 279, do 21.11.2022.

Rematado o prazo de presentación de instancias o día 01.12.2022, e para cumprimento do establecido nos puntos 6,7 e 9 das bases xerais, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas/excluídas que a continuación se relaciona:

A) PERSOAS ADMITIDAS:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	ABUÍN RATÓN, MARGARITA	***1994**
2	ÁLVAREZ DÍAZ, MARÍA DE LOS ÁNGELES	***5752**
3	AMOR VILLARINO, MARCO	***3663**
4	BEN MAGIDE, PATRICIA	***5151**
5	CASTELAO GARCÍA, ESTÍBALIZ	***3557**
6	CORRAL ESPÍÑO, JOSÉ ANTONIO	***4397**
7	DE VEGA FLORES, AURORA	***8325**
8	DÍAZ SUFENTES, RAQUEL	***4334**
9	FANEGO CANDIA, LUCÍA	***3839**
10	FEIJOO GONZÁLEZ, ADRIÁN	***4384**
11	FERNÁNDEZ LÓPEZ, JUAN CARLOS	***0431**
12	FERNÁNDEZ QUINTÁS, SANDRA	***3630**
13	FIGUEIRAS FIGUEROA, FRANCISCO JAVIER	***6095**
14	FREIRE SÁNCHEZ, MÓNICA MARÍA	***8953**
15	GARCÍA TORRES, MARÍA ELISA	***2678**
16	GONZÁLEZ CASAR, REBECA	***8452**
17	GONZÁLEZ LÓPEZ, TANIA	***4226**
18	GRANDÍO LATORRE, MIGUEL	***5008**
19	HORTAS ALONSO, CARMEN MARÍA	***3125**
20	IGLESIAS VARELA, ELIZABETH	***4471**
21	LAGE CABRERO, ANA	***9406**

22	LAVANDEIRA ABELAIRA, JÉNNIFER	***5334**
23	LÓPEZ CANEIRO, ALBA LYDIA	***0377**
24	LÓPEZ FERREIRO, VERÓNICA MARINETTE	***5782**
25	LÓPEZ GONZÁLEZ, SANDRA	***4178**
26	LÓPEZ LÓPEZ, MARÍA RITA	***3696**
27	LÓPEZ TEIJEIRO, ZITA	***8200**
28	LÓPEZ VALIÑA, CRISTINA	***4753**
29	LOURÉS CANCELO, MARÍA ISABEL	***1751**
30	LUACES MARTÍN, JUAN CARLOS	***8834**
31	MARIÑO NÚÑEZ, MARÍA	***4523**
32	MARTÍNEZ DABLANCA, ANA ISABEL	***1382**
33	NEIRA MARTÍN, JAVIER	***4337**
34	NÚÑEZ POL, JOSÉ MANUEL	***7767**
35	PARDO SÁNCHEZ, RAQUEL	***5386**
36	PÉREZ MOURIZ, MARÍA JOSÉ	***4363**
37	PÉREZ NEIRA, PILAR	***1018**
38	PONTE REIRÍZ, IRIA	***1715**
39	PRADO NISTAL, LAURA	***0594**
40	REINO REY, ALBA ANDREA	***7875**
41	RIVAS POZO, MARÍA DEL CARMEN	***2509**
42	RODRÍGUEZ CABAÑAS, MIGUEL	***3652**
43	RODRÍGUEZ ESPÍÑO, DANIELA	***7903**
44	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, BEATRIZ	***4752**
45	SALAZAR ARIAS, LAURA	***3990**

46	SANDA VIGO, ALMUDENA	***0132**
47	SARILLE PAZ, IVÁN SIRO	***3840**
48	VARELA CARBALLUDE, EULALIA	***9103**
49	VARELA SUÁREZ, LAURA	***4907**
50	VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, MARTA MARÍA	***4241**
51	VÁZQUEZ VILLARABIDE, JOSEFINA	***7208**
52	VILASUSO BERGANTIÑOS, VÍCTOR JOSÉ	***6213**
53	VILELA CARBALLO, OLALLA	***4853**
54	VIÑAS MAYO, RUBÉN	***9158**

B) PERSOA EXCLUÍDA:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO	CAUSA DA EXCLUSIÓN
1	VALLE VARA, BEATRIZ	***4587**	Renuncia a participar no proceso selectivo

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE.-

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto ao xefe do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión na Sección de Administración de RRHH da Deputación de Lugo.

VOGAIS.-

Titular: Dona Rosa Abelleira Fernández, interventora da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Gloria Baamonde Tomé, xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo.

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Benedicto Quijada Morandeira, xefe da Sección de Formación da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Leticia Vilar Pumares, xefa do Servizo de Comunicación e TIC's da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Pablo Seoane Cancelo, asesor técnico no Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

SECRETARIA/O:

Titular: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Manuel Roel Hernández-Serrano, interventor adxunto da Deputación de Lugo.

3º.- Citar as persoas que forman parte do Tribunal, para que comparezan o xoves día 25 de maio ás 9 horas no Salón Verde da Deputación de Lugo para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

4º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días, contados a partir do seguinte o da publicación no BOP, para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva, sen necesidade de nova publicación.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola presidencia da entidade, a través dunha nova resolución coa listaxe completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da presidencia da entidade no prazo dun mes dende o día seguinte o da publicación da listaxe definitiva no BOP (no suposto de haber alegacións), ou dende o día seguinte ao transcurso dos 5 días da publicación no BOP da listaxe provisional, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte das datas antes mencionadas, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 18 de abril de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1185

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

En relación ao proceso excepcional para a consolidación e estabilización como persoal laboral fixo das prazas incluídas Oferta de Emprego Público Extraordinaria 2022, publícase Resolución da Alcaldía n.º 2023-0270 de data 13 de abril de 2023 do seguinte teor literal:

DECRETO-

Visto que se teñen rematadas as cualificacións finais dos aspirantes e vistos os resultados e relación de candidatos propostos emitidos polos Tribunais Cualificadores designados nos procesos excepcionais para a consolidación e estabilización como persoal laboral fixo das prazas incluídas en tales procesos segundo a OEP 2022 e segundo consta nas actas expostas no taboleiro de anuncios desta Entidade da súa sede electrónica (<http://concellodebecerreaselectronica.gal>) o día 23 de marzo de 2023.

Visto o establecido nas bases de selección aprobadas por Resolucións da Alcaldías nº 2022-0775 de data 11/11/2022, 2022-0777 de data 11/11/2022, 2022-0781 de data 13/11/2022, 2022-0779 de data 13/11/2022, 2022-0789 de data 15/11/2022 e 2022-0786 de data 14/11/2022.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación en materia de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Facer pública a relación de aspirantes aprobados e propostos para seren contratados como persoal laboral fixo, que son os seguintes coa puntuación final obtida por cada un:

Expediente nº	Praza	Aspirante proposto: nome	Aspirante proposto: DNI	PUNTUACIÓN
1308/2022	CONDUCTOR	DON MANUEL SANTÍN AMIGO	33****41N	100
1308/2022	ENCARGADO MANTEMENTO EDAR	DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	76****16Q	100
1364/2022	LIMPIADORA	DONA MARÍA CARMEN CASTRO FONTAL	33****79Q	100

1366/2022	AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR	DONA MARÍA GUMERSINDA GONZÁLEZ LÓPEZ	76****05X	97,33
1366/2022	TRABALLADORA SOCIAL	DONA MARÍA CARMEN GARCÍA VILLAMIL	33****89L	100
1365/2022	CONDUCTOR OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES	DON PABLO GONZÁLEZ CASAS	76****85J	100
1374/2022	OFICIAL	DON FRANCISCO OSCAR RODRIGUEZ CARRETE	76****75W	100
1368/2022	ARQUITECTO (A TEMPO PARCIAL)	DON MANUEL EDUARDO LOPEZ VÁZQUEZ	33****62C	14,70

SEGUNDO.- De conformidade co previsto nas bases, os aspirantes achegarán no prazo máis breve posible e en todo caso de VINTE (20) días hábiles contados a partires da publicación da relación de aprobados, no Rexistro Xeral da Corporación, os documentos seguintes:

- 1) Fotocopia (que deberá presentarse xunto co original para a súa compulsa) do DNI ou pasaporte.
- 2) Certificado médico acreditativo de posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 3) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- 4) Orixinal ou copia compulsada dos títulos e demais documentación presentados no proceso.
- 5) Orixinal ou copia compulsada dos carnet de conducir categoría C para conductor ou B de ser o caso.
- 6) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente a data anterior a formalización do contrato laboral.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, o seleccionado non poderá ser contratado e quedarán anuladas as actuacións con respecto a este candidato, procedéndose a contratar ao que lle siga na lista por orde de puntuación, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera aquel por falsidade na solicitude de participación.

TERCEIRO.- Públiquesse a presente resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de Becerreá da sede electrónica (<http://concellodebecerreja.sedelectronica.gal>) e no BOP de Lugo.

Ordenao e asínoa electrónicamente o señor Alcalde-Presidente.

Becerreá, 16 de abril de 2023.- O ALCALDE, Manuel Martínez Núñez.

R. 1162

BEGONTE

Anuncio

No Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Lugo, tramítase o recurso do Procedemento Ordinario 0000069/ 2023 S, interposto por Dña. Mónica Santos Alvaredo, contra a desestimación presunta por silencio administrativo en relación coa reclamación de responsabilidade patrimonial formulada con data 9 de maio de 2022.

Notifícase para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no xulgado como demandadas no prazo de 9 días, de conformidade co establecido no art. 49, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Begonte, a 17de abril de 2023.- O ALCALDE-PRESIDENTE, José Ulla Rocha.

R. 1163

FOZ

Anuncio

LISTA PROVISIONAL DE ADMISIÓN E EXCLUSIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE FOZ PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA 2022, CORRESPONDENTES A PRAZAS ESTRUCTURAIS VACANTES DE PERSOAL LABORAL FIXO E FUNCIONARIO INCURSAS NO ARTIGO 2 E NAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS 6ª E 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

